

NOTA DE PRENSA

–Convocatoria de Ideas ante a Chegada do AVE a Compostela–

Unha plataforma que unia O Hórreo coas Brañas do Sar, idea común ás propostas cidadás seleccionadas polo Colexio de Arquitectos

Sería a cuberta da nova estación intermodal e tamén unha gran praza pública e transitable

Os autores explicaron os seus proxectos nun concorrido acto que se celebrou esta tarde na Fundación Araganey

O Colexio de Arquitectos entregará as ideas no Concello

Santiago, 16 de xullo de 2009 (Vía Láctea Comunicación).- O Colexio de Arquitectos de Santiago congregou na sede da Fundación Araganey a cidadáns e veciños, así como a representantes dos tres grupos municipais, no acto de presentación das cinco propostas seleccionadas na Convocatoria de Ideas ante a Chegada do AVE a Compostela.

Os autores de Nighthtrain, Encrucillada, Alua TRTJ, Proxecto da Estación Intermodal de Santiago e Tic-Tac-Tic, lemas baixo os que concorreron, explicaron as súas aportacións nunha sesión que estivo moderada polo **presidente do Colexio –Jorge Duarte–**: “Son ideas realizables que poden ser un bo produto para a reflexión e o debate, mesmo poden xerar a solución para os problemas na conexión e mobilidade na cidade e eliminar a barreira das liñas férreas”. A entidade colexial valora “especialmente” a participación de todo tipo de xente (asociacións de veciños, particulares, profesionais da Arquitectura), así como os variados formatos utilizados. Jorge Duarte anunciou que se remitirán as propostas ao Concello de Santiago, e proximamente serán expostas na sede colexial.

A Convocatoria xa recollía a intermodalidade do transporte, pero de modo xeral todas coinciden na conveniencia de integrar na cidade Brañas do Sar e conectar o barrio da Pontepedriña co Ensanche e o propio casco histórico de forma peonil. De forma máis detallada, a cuberta da nova estación convértese en protagonista das diferentes propostas, para a que suxiren un espazo de estar e de comunicación, aproveitando o desnivel entre a rúa do Hórreo (á altura da escalinata) e as vías férreas. Debaxo desa plataforma, con función de mirador, irían os andéns e enriba, unha gran praza de uso público que, ademais, uniría o Hórreo coas Brañas do Sar e mesmo coa Pontepedriña. **Alua TJTR** apunta a posibilidade de usala para “grandes eventos culturais”, descentralizando “dos mesmos á cidade histórica” e liberando “grandes fluxos de xente” en determinadas épocas do ano.

Encrucillada avoga por rehabilitar a marquesiña actual, substituíndo a súa cubrición de uralita por vidro, “de xeito que se permita a visión ó seu través cara a Brañas do Sar e se consiga encher de luz natural o espazo aberto pola marquesiña que será o gran espazo central da estación”. Por outra parte, teima na necesidade de que se faga un “gran aparcamento soterrado con acceso directo á estación”.

Proxecto da Estación Intermodal de Santiago, asinada pola Asociación de Amigos do Ferrocarril, é a única das cinco que defende claramente a conservación do edificio actual, porque “a súa estética pretendía estar en consonancia co casco histórico compostelán”, e lembra que se está no proceso da súa catalogación como ben de interese cultural. Entre tanto, Nighthtrain deixa aberta as dúas opcións na súa proposta: conservalo ou derrubalo. De forma xeral, Amigos do Ferrocarril indica que a nova estación intermodal debe incluír a “implantación do AVE, cercanías, metro lixeiro e trens convencionais”.

Nighthtrain tamén defende “reubicar” o recente vial Clara Campoamor “para ganar un espazo para Pontepedriña, en el que se ampliará el barrio con viviendas (...) y mantener las brañas en su estado natural”. Por outra parte fala de “ubicar en bandejas superpuestas la estación del tren y la de los autobuses para facilitar la relación y el tránsito entre ambas”.

Tic-Tac-Tic presentou, en tres páxinas, unha escena dialogada nun café da Rúa do Vilar na que participan seis amigos. O relato, que recolle as mesmas mensaxes centrais cas outras, aborda o “ciclo biolóxico” das Brañas do Sar argumentando que “estaría bien recuperarlo y aprovechar los recursos sostenibles de los sistemas actuales”.

Bos accesos peonís, conexión coas entradas á cidade e mesmo o estudo dunha rede de transporte metropolitano figuran nas propostas seleccionadas polo xurado, que estivo formado por Manuel Gallego Jorreto (arquitecto), Andrés Precedo Ledo (experto en planificación territorial) e Suso de Toro (escritor compostelán). **O xurado e a propia entidade colexial teimaron na necesidade de “mellorar ostensiblemente o transporte público de cercanías”.**

Autoría das IDEAS seleccionadas

NIGHTTRAIN

Presentada por: Ramón Vieitez Rodríguez
Noemí Díaz Patiño
Patricia Gladys Varela Wéber

Colaboradores: Yolanda Cabaleiro Barroso
Sandra González Rial.
Ruben fernández lombardero
Alfonso Fernández Cao
Adolfo Vieitez Vázquez

AluaTRTJ

Presentada por: Joaquin Gutiérrez Sousa.
Colaboradores: Alfonso Fernández Cao
Yolanda Cabaleiro Barroso
Sandra González Rial
Ruben fernández lombardero
Patricia Gladys Varela Wéber
Ramón Vieitez Rodríguez
Adolfo Vieitez Vázquez

ENCRUCILLADA

Presentada por: Alfonso Fernández Cao
Colaboradores: Yolanda Cabaleiro Barroso
Sandra González Rial
Ruben fernández lombardero
Patricia Gladys Varela Wéber
Ramón Vieitez Rodríguez
Adolfo Vieitez Vázquez

PROXECTO DE ESTACIÓN INTERMODAL DE SANTIAGO

Presentada pola Asociación Compostelana de Amigos do Ferrocarril
Presidente: Carlos Abellán

TIC-TAC-TAC

Presentada por: Jose Carlos Iglesias Fernández
Betania Cabo Yáñez
Minia Bravo Pintos
Carolina Jack Lago
Raimundo Caltagirone
Juan Morales Herreros

NOTA: Documentación en planos das propostas en
www.arquitectosdesantiago.org

PRENSA COAG-Santiago
981 55 44 07